

ACTA NÚMERO: 36/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2022.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas e 30 minutos do día 16 de setembro de 2022 reúnen-se os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 8 de setembro de 2022 (Reunión 34/2022).*
2. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)". (Expte.- 2022029859).*
3. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de "Deseño, subministro en réxime aluguer, e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022024852).*
4. *Selección de empresas candidatas a participar no sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros. (Expte.- 2022015213).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria nas EPs 9601, 9511, 9406, 9403, 9302, 9301, 9202, 9201, 9001, 0103 e 0101; mediante a instalación de barreiras de seguridade". (Expte.- 2022038810).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de dirección de obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE FEDER EELL 2020-004631 ao amparo do RD 316/2019 de 26 de abril Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Expte.- 2022004081)*
7. *Apertura electrónica dos sobres A correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626 Do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020. (Expte.- 2022044656).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626 Do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020. (Expte.- 2022044656).*



Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do PP., e D. Gabriel Rodriguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifiestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 8 de setembro de 2022 (Reunión 34/2022).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 8 de setembro de 2022.

2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)". (Expte.- 2022029859).

O Secretario informa que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 1/07/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de xullo de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 28/07/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)"



As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.
- FRANCIGO GOMEZ Y CIA, S.L

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 23/08/2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	2,00	22,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	18,00	3,00	21,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	12,00	2,00	14,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,00	2,00	20,00
NAROM, S.L.	14,00	3,00	17,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	18,00	3,00	21,00
HORDESCON, S.L.	10,00	3,00	13,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.	18,00	2,00	20,00
FRANCIGO GOMEZ Y CIA, S.L	16,00	3,00	19,00



A Mesa de Contratación na reunión de data 1/09/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 23 de agosto de 2022, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Na sesión de data 1 de setembro de 2022 a Mesa de Contratación tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	646.440,28 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	653.634,37 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	622.802,56 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	631.709,53 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	629.928,13 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	597.931,57 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	667.268,88 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.	637.190,74 €	3%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	634.590,08 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da Mesa para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara a súa oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxera para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., presentou escrito de xustificación da súa oferta, dando traslado do mesmo ó Servizo de Infraestruturas para que emitir o preceptivo informe, emitindo o mesmo en data 14/09/2022 recollendo que non xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada presentada, e non debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.



De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	18,55	5,00	5,00	5,00	33,55
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	15,10	5,00	5,00	5,00	30,10
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	29,42	5,00	5,00	5,00	44,42
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	25,38	5,00	5,00	5,00	40,38
NAROM, S.L.	26,19	5,00	5,00	5,00	41,19
HORDESCON, S.L.	8,57	5,00	5,00	5,00	23,57
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.	22,90	5,00	5,00	5,00	37,90
FRANCISGO GOMEZ Y CIA, S.L.	24,08	5,00	5,00	5,00	39,08

A Mesa de Contratación acorda:

- Propor ó órgano de contratación, excluir do procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
- Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto de reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	20,00	40,38	60,38
2	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	14,00	44,42	58,42



3	NAROM, S.L.	17,00	41,19	58,19
4	FRANCISGO GOMEZ Y CIA, S.L.	19,00	39,08	58,08
5	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.	20,00	37,90	57,90
6	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,00	33,55	55,55
7	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	21,00	30,10	51,10
8	HORDESCON, S.L.	13,00	23,57	36,57

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)” á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado631.709,53 €
 IVE (21%)132.659,00 €
 Importe Total 764.368,53 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 421) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:



- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios materiais mínimos que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- Planta para a fabricación de formigones bituminosos (mezclas bituminosas en quente) cunha capacidade mínima de 100 toneladas á hora que non diste máis de 100 km por estrada da obra.
 - Equipo de extensión de mezclas bituminosas en quente
- c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 31.585,48 €

3. Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de "Deseño, subministro en réxime aluguer, e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022024852).

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 5 de agosto de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto, do “Deseño, subministro en réxime aluguer, e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra”, cos seguintes lotes:

Número	Denominación
Lote 1	Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo
Lote 2	Palacete das Mendoza, Castelo de Soutomaior e Castelo de Sobroso
Lote 3	Centro Infantil, Centro infanto-xuvenil Escola Fogar, Centro infanto-xuvenil Agarimo, acceso e avenida principal do CIPF



O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 11/08/2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 8/09/2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas as seguintes:

- GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL(CIF: B36820330)
- CREACIONES LUMINOSAS SL (CIF: B36351484)

A Mesa de Contratación na reunión do día 8 de setembro de 2022 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Lote 1

Empresas	Prezo total ofertado (sen iva)	Reducción do prazo máximo de instalación
GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL (B36820330)	24.834,80 €	15 días
CREACIONES LUMINOSAS, S.L. (B36351484)	26.155,80 €	25 días

Lote 2

Empresas	Prezo total ofertado (sen iva)	Reducción do prazo máximo de instalación
GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL (B36820330)	56.698,78 €	15 días
CREACIONES LUMINOSAS, S.L. (B36351484)	59.273,28 €	25 días

Lote 3

Empresas	Prezo total ofertado (sen iva)	Reducción do prazo máximo de instalación
GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL (B36820330)	15.641,60 €	15 días
CREACIONES LUMINOSAS, S.L. (B36351484)	16.351,83 €	25 días



De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Lote 1: Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo

EMPRESAS	GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL (CIF: B36820330)	CREACIONES LUMINOSAS SL (CIF: B36351484)
SOBRE B Lote 1		
1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 80 puntos.	26,80 puntos	4,714 puntos
2. Redución do prazo máximo de instalación, ata un máximo de 20 puntos.	20 puntos	5 puntos
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 100 puntos)	46,80 puntos	9,714 puntos

Lote 2: Palacete das Mendoza, Castelo de Soutomaior e Castelo de Sobroso

EMPRESAS	GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL (CIF: B36820330)	CREACIONES LUMINOSAS SL (CIF: B36351484)
SOBRE B Lote 2		
1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 80 puntos.	23,728 puntos	4,702 puntos
2. Redución do prazo máximo de instalación, ata un máximo de 20 puntos.	20 puntos	5 puntos
TOTAL PUNTUACIÓN B (Ata un máx. de 100 puntos)	43,728 puntos	9,702 puntos

Lote 3: Centro Infantil, Centro infanto-xuvenil Escola Fogar, Centro infanto-xuvenil Agarimo, acceso e avenida principal do CIPF

EMPRESAS	GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL (CIF: B36820330)	CREACIONES LUMINOSAS SL (CIF: B36351484)
SOBRE B Lote 3		
1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 80 puntos.	23,728 puntos	4,702 puntos
2. Redución do prazo máximo de instalación, ata un máximo de 20 puntos.	20 puntos	5 puntos
TOTAL PUNTUACIÓN B (Ata un máx. de 100 puntos)	43,728 puntos	9,702 puntos



A Mesa acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no procedemento aberto convocado para contratación do “*Deseño, subministro en réxime aluguer, e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra.*”, que queda da seguinte forma:

Lote 1 : Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo

POSICIÓN	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL (CIF: B36820330)	46,80 puntos
2ª	CREACIONES LUMINOSAS SL (CIF: B36351484)	9,714 puntos

Lote 2. : Palacete das Mendoza, Castelo de Soutomaior e Castelo de Sobroso

POSICIÓN	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL (CIF: B36820330)	43,728 puntos
2ª	CREACIONES LUMINOSAS SL (CIF: B36351484)	9,702 puntos

Lote 3: Centro Infantil, Centro infanto-xuvenil Escola Fogar, Centro infanto-xuvenil Agarimo, acceso e avenida principal do CIPF

POSICIÓN	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL (CIF: B36820330)	43,728 puntos
2ª	CREACIONES LUMINOSAS SL (CIF: B36351484)	9,702 puntos

- 2) Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación dos tres lotes do procedemento aberto convocado para contratación do “*Deseño, subministro en réxime aluguer, e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra*”, a empresa GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL(CIF: B36820330) , que acada a máxima puntuación, de



acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rixe no procedemento, polo prezo ofertado, e de acordo co seguinte detalle:

1.- Prezo:

Lote 1.: Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo

Prezo sen IVE:	24.834,80 €
IVE (21%):	5.215,31 €
Prezo total:	30.050,11 €

Lote 2. : Palacete das Mendoza, Castelo de Soutomaior e Castelo de Sobroso

Prezo sen IVE:	56.698,78 €
IVE (21%):	11.906,74 €
Prezo total:	68.605,52 €

Lote 3.: Centro Infantil, Centro infanto-xuvenil Escola Fogar, Centro infanto-xuvenil Agarimo, acceso e avenida principal do CIPF

Prezo sen IVE:	15.641,60 €
IVE (21%):	3.284,74 €
Prezo total:	18.926,34 €

2.- Redución do prazo máximo de instalación en 15 días

4. Selección de empresas candidatas a participar no sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros. (Expte.- 2022015213).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de xullo do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao



cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicarao ás persoas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para que poidan emendar tales defectos, entendendo, noutro caso, que a/o candidato desiste a súa inclusión.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

A Mesa de contratación, na reunión do día 18 de agosto 2022, procedeu á avaliación das candidaturas presentadas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes polas empresas GRAFICAS EUJOA, S.A. (CIF: A33032780), MARE NOSTRUM SERVICIOS GRÁFICOS, S.L. (CIF: B96472469) e TAKTIKA COMUNICACION S.L. (CIF:B36852846). Advertidos defectos na documentación achegada por todas as empresas candidatas, a Mesa facultou ao secretario para requiririlles a emenda, realizándose o requirimento con data 30 de agosto do 2022. Emendada correctamente a documentación, a Mesa de Contratación, na reunión celebrada o día 8 de setembro de 2022 acordou seleccionar ás empresas GRAFICAS EUJOA, S.A. (CIF: A33032780), MARE NOSTRUM SERVICIOS GRÁFICOS, S.L. (CIF: B96472469) e TAKTIKA COMUNICACION S.L. (CIF:B36852846), por ter acreditado que cumpren cos criterios de selección establecido no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión das mesmas nas categorías I e II do Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.

Así mesmo, a Mesa de Contratación, na citada reunión do día 8 de setembro de 2022 tamén procedeu á avaliación das candidaturas presentadas durante o mes de agosto de 2022 e que foron as seguintes:

- Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703), data presentación: 18/08/2022
- PRODUCCIONES MIC S.L. (NIF: B24301871), data presentación: 23/08/2022

Unha vez analizadas as solicitudes de adhesión das citadas empresas a Mesa de Contratación na mesma reunión, acordou seleccionar á empresa PRODUCCIONES MIC S.L. (NIF: B24301871) que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma nas categorías I e II do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros. Así mesmo, advertidos defectos na documentación achegada pola empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703), a Mesa facultou ao secretario para requiririlles a emenda.

O requirimento realizouse con data 12 de setembro do 2022 e a empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) presenta a documentación mediante rexistro entrada WEB2022049181 de data 13/09/22.

A Mesa de Contratación acorda:



- Propórle ao órgano de contratación que non admita nas categorías I e II do Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros á empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) por non ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego.

5. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria nas EPs 9601, 9511, 9406, 9403, 9302, 9301, 9202, 9201, 9001, 0103 e 0101; mediante a instalación de barreiras de seguridade". (Expte.- 2022038810).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Mellora da seguridade viaria nas EPs 9601, 9511, 9406, 9403, 9302, 9301, 9202, 9201, 9001, 0103 e 0101; mediante a instalación de barreiras de seguridade". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22 de agosto de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.



Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.
- API MOVILIDAD, S.A.
- HORNIDURIAK INSTALAZIOAK ETA ZERBIZUAK, S.A.
- IMESAPI, S.A.
- SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.
- SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A.
- SEÑALIZACIONES PEÑA, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	103.411,12 €	3%	36 MESES	NO	NO
API MOVILIDAD, S.A.	92.742,19 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORNIDURIAK INSTALAZIOAK ETA ZERBIZUAK, S.A.	100.192,56 €	3%	36 MESES	SI	SI
IMESAPI, S.A.	94.887,90 €	3%	36 MESES	SI	SI
SEÑALIZACIONES VILLAR S.A.	88.498,47 €	3%	36 MESES	SI	SI
SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A.	92.704,00 €	2%	36 MESES	NO	NO
SEÑALIZACIONES PEÑA, S.L.	95.400,00 €	3%	36 MESES	NO	NO

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a súa oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforo económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

6. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa e a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de dirección de obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento



e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE FEDER EELL 2020-004631 ao amparo do RD 316/2019 de 26 de abril Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Expte.- 2022004081).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial número 2022006167, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE numero FEDER-EELL-004631 ao amparo do RD 316/2019 de 26 de abril Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 29/08/2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polas empresas licitantes.

Posteriormente, se procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e ás propostas avaliábeis mediante criterios que precisen un xuízo de valor, achegados polas empresas que participan no procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- Consultora de ingeniería, medio ambiente y arquitectura SL (CIF B-15.952.369)
- Inberso Tecnologías SL (Cif B-27.861.335)

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Cooperación, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



3. Apertura electrónica dos sobres A correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626 Do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020. (Expte.- 2022044656).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 12 de agosto de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da Renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER EELL-2020-004168, FEDER EELL-2020-004561, FEDER EELL-2020-004515, FEDER EELL-2020-004530, e FEDER EELL-2020-004626 do IDAE financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17/08/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

Empresas	Lotes aos que presenta oferta
Control y Montajes industriales CYMI SA	2,4 e 5



UTE Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Sece)-Eleukon Global SLU	1,2,3,4 e 5
Aceinsa Salamanca SA	4 e 5
Electricidad INMAC Condado SL	1,2,3,4 e 5
Montaxes Eléctricas Noroeste SL	3 e 5
Tecuni SAU	1,2,3,4 e 5
Prace Servicios y Obras SA	1,2,3 e 4

4. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626 Do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O do P.O.C.S. 2014-2020. (Expte.- 2022044656).

O secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 16 de setembro de 2022 procedeu a efectuar a apertura electrónica dos sobres A correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626 Do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020, sendo as empresas admitidas nos diferentes lotes as seguintes:

Empresas	Lotes aos que presenta oferta
Control y Montajes industriales CYMI SA	2,4 e 5
UTE Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Sece)-Eleukon Global SLU	1,2,3,4 e 5
Aceinsa Salamanca SA	4 e 5
Electricidad INMAC Condado SL	1,2,3,4 e 5
Montaxes Eléctricas Noroeste SL	3 e 5
Tecuni SAU	1,2,3,4 e 5
Prace Servicios y Obras SA	1,2,3 e 4

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor das empresas admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” que presentaron as empresa admitidas os diferentes lotes, os técnicos do Servizo de Cooperación, para que procedan a avaliar e



ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e cincuenta minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

